

# PLAN DIXITAL

## CEIP DE ARDÁN

[Versión 1.0\_ xuño 2022]



# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

# 1. Introducción

## 1.1. Datos básicos do centro

**Nome:** CEIP DE ARDÁN

**Dirección:** Lugar Casás s/n 366912 Marín

**Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipardan/>

**Correo:** [ceip.ardan@edu.xunta.gal](mailto:ceip.ardan@edu.xunta.gal).

O C.E.I.P. de Ardán é un centro público dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que está situado no suroeste da provincia de Pontevedra e ubicado no lugar de Casás, pertencente á parroquia de Ardán, no concello de Marín e nunha zona rural e costeira da comarca do Morrazo.

O centro consta das etapas de Infantil e Primaria que no presente curso escolar ten matriculados un total de 47 alumnos/as: 33 na etapa de Primaria e 14 na etapa de Infantil. Este centro está adscrito ao Instituto de E.S.O., situado no lugar de "Chan do Monte" na parroquia de Mogor.

O centro dispón de comedor escolar dende o ano 2017-18 e un Plan Madruga dende o curso actual para dar resposta as necesidades das familias en relación coa conciliación da vida familiar desta comunidade educativa.

## 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao ProxectoEducativo do Centro

O alumnado do CEIP de Ardán leva anos inmerso na alfabetización dixital ao contar as aulas con encerados dixitais, ordenador de aula e un aula de informática utilizada como base de aprendizaxe. Todo o alumnado de Primaria participa no desenvolvemento "Sección Bilingüe" (inglés) na área de E. Artística en Plástica. Como consecuencia, contamos con auxiliar de conversa.

As lingua da zona é o galego, se ben a maior parte do alumnado utiliza o castelán, que vén xa falando das súas casas ao principiar a súa escolarización nos primeiros niveis de educación infantil. Pódese dicir que moitos dos pais e nais se expresan tanto en galego como en castelán, mentres que os seus avós e avoas falan maioritariamente galego.

Os máis pequenos presentan nun principio as dificultades propias do idioma (galego), pero son resoltas con prontitude debido á relación cos seus compañeiros e compañeiras e ao o interese do

profesorado.

A relación familia-centro considérase moi boa , aumentando nos últimos anos as visitas tutoriais por iniciativa propia e por parte das familias do alumnado.

Ademais da incorporación do centro á rede Edixgal da Consellería e as dotacións que isto implica, todas as aulas están dotadas de infraestrutura informática para o desenvolvemento da TICS como fío condutor nametodoloxía da práctica docente.

- **Espazos**

Conta con aulas de informática, audiovisuais, música, idioma, biblioteca e unha pista polideportiva .

A infraestrutura sociocultural do municipio é múltiple e diversificada:

- Nas proximidades do centro atópase as Bibliotecas Públicas de Bueu e Marín
- Centros polideportivos. Piscina de Marín
- Instituto de Formación Profesional e Bacharelato.
- Varios Colexios Públicos de Infantil e Primaria, públicos e privados concertados.
- Institutos de educación Secundaria
- **Proxectos significativos:**
  - PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES DE GALICIA dende 2020-21.
  - PROXECTO EDIXGAL en 4º e 5º curso.
  - Implantación de SNAPPET nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º de EP.
  - PLAN REFÓRZATE. Iniciamos a nosa participación no ano 2017-2018 e continuamos no presente curso coas modalidades de ARCO e PROA+.
  - Plan de acollida para o alumando procedente do estranxeiro para a adquisición das linguas queutilizamos na nosa comunidade (debido a que é un centro que recibe a alumno estranxeiro continuamente).
  - PROGRAMA DE INNOVACIÓN CPINNOVA (modalidade que abrangue diferentes iniciativas coma o reparto da froita e leite na escola e almozos saudables).
  - PROXECTO SECCIÓN BILINGÜE en inglés na área plástica en toda a primaria, polo que contamoscunha auxiliar de conversa incidindo tanto na área de lingua inglesa como nas sesións de plástica.
  - ESCOLAS DE NAIS E PAIS. Cada trimestre organízase unha charla-obradoiro de interese.
  - Programa DIGICRAFT dende o curso 2020-2021.
  - Club de Ciencia dende o curso 2020-2021.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo

do centro recollerá, entre o outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.

b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.

c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente. O noso centro mantén unha estratexia de incorporación das novas tendo como referente en todo momento o plan TIC.

A incorporación das TIC á educación, en xeral, e aos procesos ensino-aprendizaxe, móstrase como unha peza fundamental para producir o cambio metodolóxico que leve a conseguir o obxectivo dunha mellor calidade educativa. Os recursos dixitais non só fan accesibles os contidos necesarios para o proceso educativo nunha presentación distinta da tradicional, de libro a libro ou contido dixital, senón que proporcionan novas oportunidades para un maior desenvolvemento das competencias clave para o alumnado e para o desenvolvemento de novas metodoloxías docentes máis acordes co momento educativo presente.

A experiencia destes últimos cursos escolares, facendo fincapé na incorporación do centro a Edixgal e programas de innovación como DIGICRAFT ou o Club de ciencias, convídanos a pensar que estamos na boa liña de traballo, aínda que o equipamento debe ser renovado posto que xa son equipos con moitos anos de antigüidade. Nestes anos o centro está inmerso nun grupo de traballo (GT) con dúas liñas de actuación, unha centrada na biblioteca e outra nas Tics.

Entre as **Melloras realizadas nos últimos tres anos destacamos:**

- Todas as aulas do centro contén a día de hoxe un portátil de profesor e cun encerado dixital interactivo (agás en Inglés que dispón dun encerado para proxectar).

- Creación dun recuncho informático na Biblioteca coa instalación de 5 ordenadores con conexión a internet e dous portátiles para uso e consulta de toda a comunidade educativa.
- Revisión, mantemento e actualización do equipamento audiovisual e informático da Sala de informática.

No proxecto de dirección figura que tipo de Centro queremos, que queremos conseguir, que características fundamentais definen o tipo de Escola Infantil e Primaria que pretendemos conseguir coa nosa xestión directiva concretándose nos seguintes puntos fundamentais:

- "Calidade de educación para todo o alumnado".
- "Esforzo compartido de toda a comunidade educativa".
- " Con boas relacións persoais".
- "Participativo".
- "Aberto ó entorno".
- "Onde todos os nenos e nenas se eduquen e desenvolvan as súas capacidades".
- "Adecuado no seu equipamento e instalacións".

Queremos desenvolver unha dinámica de traballo en equipo que aboque á realización de pequenos proxectos, e que todo iso redunde na calidade educativa. Isto supón un equipo educativo motivado por la formación colectiva e individual, e aberto a novas correntes e tarefas pedagóxicas.

#### 1.4. Proceso de elaboración

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación a realizarase en base a información recollida do informe de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de auto avaliación SELFIE e o test CDD, para así iniciou a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital. No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competenciadixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.



No curso 2022/2023, o centro procederá a implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O CEIP da Ardán está incorporado ao programa de escolas conectadas cunha velocidade de conexión de 500/500 Mbps. Contamos coa cobertura 4G.

En canto ao equipamento dispoñible no centro podemos sinalar que:

- Contamos cun encerado dixital en cada aula e proxector, a excepción da aula de infantil que non ten esta dualidade de dotacións.
- Na biblioteca dispoñemos dunha zona habilitada para ordenadores, contando na actualidade concinco ordenadores en funcionamento pero nun estado lamentable.
- Na sala do profesorado hai un ordenador conectado á fotocopiadora central do centro.
- A aula de 5º e 6º está dixitalizada por pertencer ao proxecto E-Dixgal.
- Na aula de 3º e 4º o coordinador TIC conseguiu recuperar e rehabilitar 5 ordenadores de sobremesa para o uso do alumnado.
- Todas as aulas contan cun ordenador portátil para poder proxectar no encerado.
- Material específico do programa Dlgicraft.

O centro emprega diferentes medios e servizo corporativos para a comunicación coas familias. Deste xeito Abalar móbil e o espazo Abalar serven de canle de comunicación, sendo dende hai dous cursos a prioritaria tanto para o envío de avisos como de citas de titorías. A aula virtual tamén está en funcionamento, empregándose nos cursos máis altos. Non podemos esquecer a páxina web do centro, cun movemento moi activo e unha actualización diaria na que se inclúe dende documentación do centro ata gráficos do día a día no centro (actividades, proxectos, saídas...). Nesta liña non debemos deixar de nomear as dúas canles vencelladas ás redes sociais, Facebook e Instagram, empregadas para amosar á comunidade educativa información do centro e tamén coma unha ventá aberta do mesmo.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	4.2				
	Alumnado	---				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.1				
	Alumnado	4				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.2				
	Profesorado	4.4				
	Alumnado	4.2				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.3				
	Profesorado	4.2				
	Alumnado	---				
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.8				
	Profesorado	4				
	Alumnado	---				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	5				
	Profesorado	4				
	Alumnado	4				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	4.5				
	Profesorado	3.7				
	Alumnado	---				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4.7				
	Profesorado	4.3				
	Alumnado	3.7				

### TEST CDD

#### 1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>
PROVISIONAL	<u>2</u>	<u>2</u>	<u>100%</u>
INTERINO		1	0%
SUBSTITUTO		<u>2</u>	0%
DESPRAZADO			

#### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
99%	<u>Experto/a (B2)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

#### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	92,7	<u>Integrador/a (B1)</u>	68,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
EP	114,7	<u>Experto (B2)</u>	77	<u>Integrador/a (B1)</u>

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A2	1	20%
B1	1	20%
B2	2	40%
C1	1	20%
<b>TOTAL</b>	<b>5</b>	<b>100%</b>

### 2.3. Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS -EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aceptable conexión a internet no centro.</li> <li>2. Adecuada asistencia técnica.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta de infraestructuras no centro.</li> </ol>
	PERSOAL DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aceptable grao de participación en proxectos interdisciplinares.</li> <li>2. Boa adaptación ás necesidades do alumnado.</li> <li>3. Hai unha avaliación para comprobar como se progresa.</li> <li>4. Existe unha gran colaboración con toda a comunidade educativa.</li> <li>5. Existencia de ampla gama de recursos en liña.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comentarios a outros/as alumnos sobre o seu traballo.</li> <li>2. Insuficiente autoreflexión sobre a aprendizaxe.</li> <li>3. Insuficiente tempo para o debate sobre o uso de Novas Tecnoloxías.</li> </ol>
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Existe un recoñecemento e valoración cara o traballo que realizan os demais.</li> <li>2. Bo comportamento e seguro por parte do alumnado.</li> <li>3. Seguridade no compartamento do alumnado.</li> <li>4. Existe unha boa comunicación entre o alumnado</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Asiduamente o alumnado verifica a calidade da información.</li> <li>2. O alumnado ten unha baixa creación de contidos dixitais.</li> <li>3. Escasa colaboración do alumnado.</li> <li>4. Pouco fomento da creatividade.</li> </ol>
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Alta participación en formación do profesorado.</li> <li>2. Interese por coñecer e aprender novas metodoloxías.</li> </ol>	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Formar parte dun Plan Dixital de Centro</li> <li>2. A elaboración dun Plan Dixital de Centro.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Falta dunha retroalimentación adecuada</li> <li>2. Escaseza de tempos para a creación de recursos dixitais.</li> <li>3. Insuficiente formación sobre o emprego de entornos virtuais de aprendizaxe.</li> <li>4. Poucos dispositivos dixitais para a ensinanza.</li> <li>5. Insuficientes dispositivos dixitais actualizados para aprendizaxe.</li> </ol>
	LEXISLACIÓN		<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Moita burocracia, o cal limita a estratexia dixital.</li> </ol>
	CONTORNA		
	ANPA	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A comunidade educativa mostra unha moi boa comunicación.</li> </ol>	
	OUTRAS ENTIDADES	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Poder ter un Plan de Formación de profesorado para compartir experiencias.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Aceptable avaliación das capacidades.</li> <li>2. Escasos sistemas de protección de datos.</li> </ol>

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

[Recomendacións para este apartado] Indicar brevemente a secuencia de pasos seguida para elaborar o Plan de Acción a partir da análise DAFO:

Establecer áreas prioritarias e determinar os obxectivos (que teñen que ser específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal) que queremos conseguir. Os obxectivos estarán contextualizados a áreas de mellora en relación coas do marco DigCompOrg.

Indicar tamén brevemente:

- Ata onde queremos chegar para cada un dos obxectivos e con que elementos. Esta información reportarana os indicadores e os seus valores de partida e de chegada.
- Determinar as accións para conseguir cada obxectivo, elixir os responsables das mesmas, acordar unha temporización e determinar os recursos necesarios.

**Para cada obxectivo cumprimentarase unha táboa** que recolle esta información. A mesma táboa empregarase para facer o seguimento de cada obxectivo na fase de avaliación do Plan (consultar o documento coas recomendacións para a elaboración dos obxectivos).

#### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

[Recomendacións para este apartado] Indicar:

Necesidades de mellora de infraestruturas tecnolóxicas, equipamento e servizos dixitais educativos, sendo preciso **establecer en cada caso a finalidade** para a que se precisan ditasmelloras.

Ter presente na redacción deste apartado as indicacións establecidas no documento proporcionado por AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

## Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

<b>"Área/s de mellora": Pedagogía: apoios e recursos</b>							
<b>1. OBXECTIVO (1):</b>	Elaborar un repositorio novo de recursos dixitais por parte do profesorado.					Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora					Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Número de obxectivos creados						
<b>Valor de partida (3)</b>	4 recursos dixitais creados						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	10 recursos dixitais creados				30 xuño de 2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>A01.1: Creación dun grupo de traballo para a elaboración de materiais de traballo en liña.</b>	Coordinador TIC	Decembro de 2022	Convocatoria, horario organizativo, materiais (equipos informáticos)		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>A01.2: Creación de recursos dixitais.</b>	Coordinadores/as ciclo	Xuño de 2023	Equipos informáticos.		Realizada		
					Aprazada		
					Pendente		
<b>A01.3: Formación a través dun</b>	Coordinador do PFPP	Maio 2023	Colaboración cos asesores dixitais do CFR e equipos informáticos.		Realizada		
					Aprazada		

<b>PFP: creación de recursos dixitais e coñecemento de novas ferramentas.</b>						<b>Pendente</b>
---	--	--	--	--	--	-----------------

<b>"Área/s de mellora": Pedagogía: apoios e recursos</b>							
<b>2. OBXECTIVO (1):</b>	Mellorar a formación sobre o emprego de entornos virtuais de aprendizaxe.					<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora.					<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Formación no centro sobre EVA						
<b>Valor de partida (3)</b>	4 sesións de formación en dous anos.						
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Ter, alo menos, outras dúas formacións.				30 xuño de 2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>							
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>			
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>		
<b>A02.1: Formación a través dun PFP: creación de recursos dixitais ecoñecemento de novas ferramentas.</b>	Coordinador do PFP	Maio 2023	Colaboración cos asesores dixitais do CFR e equipos informáticos.		<b>Realizada</b>		
					<b>Aprazada</b>		
					<b>Pendente</b>		

"Área/s de mellora": Infraestructuras e equipos.						
<b>3. OBXECTIVO (1):</b>	Incrementar o número de novos dispositivos dixitais.				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Directora				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Incrementar o número de dispositivos dixitais actualizados no centro.					
<b>Valor de partida (3)</b>	30% dos dispositivos funcionan sen problema.					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	80% de dispositivos actualizados e 3 novos dispositivos.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Solicitud de novos equipamentos informáticos á Consellería.	Directora	30 setembro 2022	Solicitud á Consellería, servizo de equipamentos de centros.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Integración en proxectos novos e programas como Polos Creativos.	Claustro	Xuño 2024	Axuda por parte dos asesoresdo CFR, colaboración das familias, colaboración do claustro. Emprego de novos dispositivos: robótica, impresión 3D, mesas de luz...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Colaboración por parte do concello con novos recursos.	Concello	Xuño 2023	Persoal do concello. Concelleira de educación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



"Área/s de mellora": Infraestructuras e equipos.						
<b>4. OBXECTIVO (1):</b>	Crear un espazo novo destinado a aprendizaxe a través de medios dixitais.				<b>Acadado</b>	
<b>RESPONSABLE:</b>	directora				<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Espazo destinado ao emprego de recursos dixitais					
<b>Valor de partida (3)</b>	Non hai un espazo determinado					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	Unha aula dotada de diferentes recunchos con medios dixitais.			Xuño 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO4.1: Integración en proxectos novos e programas como Polos Creativos.</b>	Claustro (coordinadores de ciclo e resto de profesorado)	Xuño 2024	Axuda por parte dos asesores do CFR, colaboración das familias, colaboración do claustro. Emprego de novos dispositivos: robótica, impresión 3D, mesas de luz...		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.2: Solicitud de espazos destinados á Radio Escolar.</b>	Directora	Outubro 2023 (convocatoria estimada)	Solicitud de convocatorio de Radio Escolar do servizo de Bibliotecas Escolares.		<b>Realizada</b>	
					<b>Aprazada</b>	
					<b>Pendente</b>	
<b>AO4.3: Solicitud de novos equipamentos informáticos á Consellería.</b>	Directora	30 setembro 2022	Solicitud á Consellería, servizo de Equipamentos.		<b>Realizada</b>	

### Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
  - a. **Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - b. **Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - c. **Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
  - d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;
  - e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos. Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.No contexto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).
- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

### **ACCIÓNS A DESENVOLVER:**

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

## 4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos abrangue dous momentos:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración dologro dos obxectivos e as propostas de mellora.

## 5. Difusión do plan

O Plan Dixital de centro estará a disposición do claustro e será aprobado polo Conselloantes da súa publicación ante a comunidade educativa.

Ao igual que acontece co resto de documentación do centro, a súa publicación realizarase na páxina web do centro, enviando con simultaneidade unha mensaxe empregando o Abalarmóbil ás familias para avisalos desta publicación.

Asemade, este documento quedará en formato papel no centro a disposición de calqueraque requira da súa consulta.